

***OS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS
CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DE ABADÍN.***

AUTORES: FERNANDO ARRIBAS ARIAS.

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

MARIO SAAVEDRA PÉREZ

REFERENCIA ESENCIAL:

Libro ***CATÁLOGO DE CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. CRUCEIROS,
CRISTOS, CRUCES E ESMOLEIROS DE ABADÍN.*** Sada (A Coruña): Ed. do Castro,
2007. Autoría.: **FERNANDO ARRIBAS ARIAS, JOSÉ MANUEL BLANCO
PRADO E MARIO SAAVEDRA PÉREZ.**

I LIMIAR.

A nivel histórico, cómpre lembrar que coas excepcións *de Manuel Murguía, Bernardo Barreiro, Nicolas Tenorio, Pérez Ballesteros e Uxío Carré Aldao*, a intelectualidade galega de finais do XIX e comezos do XX, permaneceu indiferente diante da riqueza artística, relixiosa e etnográfica dos cruceiros. Por no recordar o artigo que no ano 1887 publicou no xornal madrileño “El Imparcial”, dona *Emilia Pardo Bazán* e no que consideraba as cruces de pedra, os cruceiros e os petos de ánimas, meros “fétiches” que ofendían a fina sensibilidade relixiosa da señora condesa.

Castelao, na súa obra “As cruces de pedra na Bretaña”, de 1930, manifesta o seguinte: “*Na Bretaña, como na Galiza, os cruceiros van derrubándose a oito, sen seres estudados tansiquera. Os cruceiros serviron de fondo escenográfico a léndas e contos enxebres; pero foron dispreziados polos cabezaleiros da nosa cultura. Arredados da materia arqueolóxica e folklórica, chegaron ós nosos días co creto artístico, e aínda relixioso, mingoado de todo*”. Polo tanto, *Fernando Arribas Arias, José Manuel Blanco Prado e Mario Saavedra Pérez*, están a traballar, precisamente, para combatir todo o que Castelao denunciou. Desta maneira, o traballo que estes investigadores veñen facendo desde hai varios anos é buscar, rebuscar, situar, fotografar, estudar e catalogar estes elementos artísticos da Terra Chá para ensinarnos ónde temos parte no noso patrimonio cultural e cómo é ese patrimonio. Ademais, estes investigadores pretenden con este labor evitar a destrución, expolio e desaparición dos cruceiros unha das asignaturas pendentes desta sociedade, que nos tocóu vivir.

Finalmente, os devanditos investigadores tamén están a traballar no estudo e catalogación dos cruceiros chairegos como admiración, homenaxe e recoñecemento á dinastía dos Carboeira. Unha familia de canteiros que, durante cinco xeracións, encheron a comarca de Vilalba, e unha grande parede da Terra Chá lucense, desas cruces, que hoxe nos resultan indispensables para coñecer a nosa propia historia.

Extracto do “Prólogo” realizado por Ernesto. S. Pombo¹ para o Libro “*Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos, Cruces e Esmoleiros de Abadín*” (Lugo).

¹ No ano 2007 era Xornalista. Director de Opinión de la “Voz de Galicia”

II. INTRODUCCIÓN.

O municipio de Abadín amosa un total de 167 elementos artísticos, referidos a cruceiros, cristos, cruces e esmoleiros. Polo que respecta aos cruceiros, a maioría deles responden á mesma tipoloxía dos existentes na Terra Chá. Saen fóra deste arquetipo os cruceiros da Roxoa (Castromaior) e o da Veiga da Ponte (Montouto), probables obras de canteiros foráneos desta comarca. Destaca especialmente este último, pois presenta un fuste ornamentado en dúas das súas caras onde, ademais dos relevos dos instrumentos da paixón habituais, podemos ver outros menos frecuentes como un corazón, unha pola, un rostro humano etc. Case todos os cruceiros de Abadín son dos séculos XIX e XX, se ben tgres deles pertencen ao XVIII. Trátase do cruceiro dos Prados e do Paxariño (os dous na parroquia de Fanoi) datados respectivamente en 1797 e 1783, se ben o máis antigo é o da Fonte da Nosa Señora (Montouto), obra do ano 1750.

Con respecto aos cristos, o máis antigo, dos que posúen data, é o que recibe o nome de Cristo da Horta (Abeledo) do ano 1841. Tamén, é relevante o Cristo do Cuco (Fraiás), colocado no ano 1879 polos pais do neno Franco Vidal, que finou á temperá idade de cinco anos.

En canto as cruces un bo número indican a data da súa construción, o que nos permite establecer paralelismos con outras semellantes e das que descoñecemos este dato. Así, en Labrada encontramos a máis vella de todas elas. Trátase da Cruz dos Veiguellos, construída no ano 1826, século ao que pertencen a maioría das cruces existentes neste municipio.

Neste municipio sinalamos tamén tres esmoleiros xa que, ademais de estar coroados por cruces, son os únicos exemplos existentes nesta comunidade e desexamos que a súa inclusión sirva para garantir a súa conservación.

III. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO CONCELLO DE ABADÍN

Abadín é un municipio lucense cunha superficie de 196 km², que está integrado na Comarca da Terra Chá ². A súa superficie supón o 1,99% da provincia e o 10,75% da comarca chairega. Está situado no Nordeste de Galicia; no Norte da provincia de Lugo; e na parte nororiental da Terra Chá. Limita ao Norte cos municipios de Alfoz e O Valadouro; ao Sur, co de Cospeito; ao Leste, cos de Mondoñedo e A Pastoriza; e a W., cos de Muras e Vilalba. Pertence ao partido xudicial de Mondoñedo, e amosa relevantes contrastes topográficos entre o sector da penillanura (500 metros) e os macizos montañosos do Xistral e o Cordal de Neda ³. Pola súa situación xeográfica, o clima presenta invernos chuviosos e fríos, e verans secos mais con temperaturas medias non moi altas – media anual: 10,2º C. A nivel humano, a poboación aumentou dun xeito moderado dende comezos do século XX ata o ano 1950 debido as altas taxas de crecemento natural. No obstante, dende esta data iniciouse unha regresión demográfica debido ao éxodo rural e a unha baixa natalidade, o que deu lugar a unha estrutura da poboación avellentada ⁴. No intre actual, segundo o I.G.E. (Institución Galega de Estadística) do ano 2019 o municipio posúe unha poboación de 2367 habitantes (1157 homes, e 1210 mulleres) distribuídos nas seguintes parroquias: Abadín (Santa María); Abeledo (Santa María); Aldixe (San Pedro); Baroncelle (Santiago); Cabaneiro (San Bartolomeu); Candia (San Pedro); Castromaio (San Xoán); Corvite (San Pedro); Fanoi (Sta. Maria Madanela); Fraiás (San Pedro); Galgao (San Martiño); Goás, As (San Pedro); Graña de Vilarente, A (Sta. María Madanela); Labrada (San Pedro); Moncelos (Santiago); Montouto (Santa María); Quende (Santiago); Romariz (San Xoán); Seivane de Vilarente (San Xoán). Este municipio comunícase co exterior por medio das seguintes estradas: a N-634 (San Sebastián-Santiago de Compostela) e as estradas provinciais LU-133 e LU-

² É unha comarca galega situada na zona norte e interior da provincia de Lugo. A máis extensa de Galicia con 1822,75 km². Segundo o I.G.E. do ano 2019 tiña 39.935 habitantes. A ela pertencen os concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, e Xermade, sendo a súa capital Vilalba. O poeta Manuel María adicoulle á comarca o poemario *Terra Chá*, onde fala das súas terras e as súas xentes.

³ CAEIRO GONZÁLEZ, Eugenio.: *Galicia, pueblo a pueblo*, La Voz de Galicia. Xunta de Galicia, 1993, páxs. 7-8.

⁴ EQUIPO “IR INDO” (GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel...). *Galicia en Comarcas: Terra Chá e Meira*. La Voz de Galicia. Ed. Ir Indo, t. 25, Vigo, 2005, pág. 88.

113; nos últimos anos, comezou a funcionar a A-8 (Autovía do Cantábrico), que eliminou algúns problemas de seguridade vial polos frecuentes cruces peatonais, que se realizaban no centro da vila de Abadín.

Dende unha óptica histórica, as orixes deste concello estiveron relacionadas coas antigas construcións paleolíticas e neolíticas como o testemuñan os achados paleolíticos de Labrada, ou o dolmen megalítico de Romariz. Non embargantes, o período castrexo reflectido nos castros de Abeledo, Fanoi, Fraiás, Moncelos e Romariz, foi posiblemente o que exerceu unha maior influencia neste ámbito territorial. Na Idade Media estas terras foron o resultado dunha xurisdicción formada polos señoríos de Baroncelle, Costas de Monte e Vilarente. Posteriormente, Aymerico, abade do mosteiro de Meira, concedeu a finais do ano 1254 unha Carta-Pueblo en beneficio dos 54 poboadores da granxa de Vilarente, orixe do actual municipio. Logo, o Cabildo de Mondoñedo vendeu o Coto de Abadín á familia dos Luaces no ano 1562, quenes mantiveron os seus dereitos ata a súa derogación pola Constitución de 1812. A partir deste ano constituíuse este concello, que permaneceu invariable nos seus límites dende o ano 1845.

A nivel económico, o sector agropecuario é a principal rama de actividade para o emprego da poboación. Neste sector cómpre salientar a cabana bovina láctea nas zonas de chaira, e a carnica na montaña, onde as reses viven libremente. Con respecto á industria é mester sinalar a empresa Lácteos Lorán, S.L., que se adica á produción de queixos, mantequilla, e outros derivados de tipo lácteo. Finalmente, os servizos públicos teñen pouca transcendencia.


IV. RELACIÓN DE CRISTOS, CRUCEIROS, CRUCES E ESMOLEIROS DO CONCELLO DE ABADÍN.

RELACIÓN DE CRISTOS, CRUCEIROS, CRUCES E ESMOLEIROS DO MUNICIPIO DE ABADÍN				
PARROQUIAS	CRISTOS	CRUCEIROS	CRUCES	ESMOLEIROS
ABADÍN	1	2	1	1
ABELEDÓ	4	4	5	2
ALDIXE	1	2	2	
BARONCELLE		3	1	
CABANEIRO	1	2	1	
CANDIA		1	1	
CASTROMAIOR	1	2		
CORVITE		2	1	
FANOI	1	5	7	
FRAIÁS	2	1	3	
GALGAO	1	1	4	
AS GOÁS		1	8	
A GRAÑA		5	3	
LABRADA	5	4	23	
MONCELOS		5	5	
MONTOUTO	1	5	8	
QUENDE		2	5	
ROMARIZ	5	4	5	
SEIVANE DE VILARENTE	2	4	1	


RELACIÓN DE CRISTOS, CRUCEIROS, CRUCES DESAPARECIDOS DO MUNICIPIO DE ABADÍN				
PARROQUIAS	CRISTOS	CRUCEIROS	CRUCES	ESMOLEIROS
ABADÍN	1			
ABELEDÓ			1	
ALDIXE	1		4	
BARONCELLE	1		3	
CABANEIRO				
CANDIA		1		
CASTROMAIOR				
CORVITE			1	
FANOI	2		1	
FRAIÁS				
GALGAO			1	
AS GOÁS				
A GRAÑA			3	
LABRADA	5		2	
MONCELOS			1	
MONTOUTO	2	1	3	
QUENDE	3		1	
ROMARIZ			1	
SEIVANE DE VILARENTE			1	

V. MAPAS DE LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO DE ABADÍN.

**LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA
DO CONCELLO DE ABADÍN**



CONCELLO DE ABADÍN



SIMBOLOXÍA


- | | | | |
|---|-----------|---|------------|
| + | CRUCEIROS | ⊠ | ESMOLEIROS |
| ▽ | CRISTOS | | |
| ● | CRUCES | | |

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

- | | | | |
|----|-----------|----|-------------|
| 1 | MONTOUTO | 11 | CASTROMAIOR |
| 2 | LABRADA | 12 | AS GOÁS |
| 3 | ROMARIZ | 13 | ALDIXE |
| 4 | FANOI | 14 | ABELEDÓ |
| 5 | GALGÃO | 15 | BARONCELLE |
| 6 | QUENDE | 16 | CORVITE |
| 7 | ABADÍN | 17 | VILARENTE |
| 8 | FRAIÁS | 18 | MONCELOS |
| 9 | CANDIA | 19 | A GRAÑA |
| 10 | CABANEIRO | | |

CONCELLO DE ABADÍN

CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DESAPARECIDOS



SIMBOLOXÍA

- ✚ CRUCEIROS
- ▽ CRISTOS
- CRUCES

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

- | | |
|--------------|----------------|
| 1 MONTOUTO | 11 CASTROMAIOR |
| 2 LABRADA | 12 AS GOÁS |
| 3 ROMARIZ | 13 ALDIXE |
| 4 FANOI | 14 ABELEDO |
| 5 GALGAO | 15 BARONCELLE |
| 6 QUENDE | 16 CORVITE |
| 7 ABADÍN | 17 VILARENTE |
| 8 FRAÍAS | 18 MONCELOS |
| 9 CANDIA | 19 A GRAÑA |
| 10 CABANEIRO | |

VI. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS CRISTOS, CRUCEIROS E CRUCES DO MUNICIPIO DE ABADÍN.

1. SITUACIÓN DOS CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES.

1.1. NUN CRUZAMENTO DE VIARIOS (*Camiños, estradas, pistas*).

Cristo do Cuco (Abadín) (**FOTO 1**) . Cruceiro da pista de Fraiás (Abadín) (**FOTO 2**). Peto de ánimas de Sabugos (Abeledo) (**FOTO 3**). Cruceiro da Corda ou do Manueliño (Abeledo). Cristo do Fidalgo ou do Rego do Prado (Abeledo). Cruz da Nosa Señora (Abeledo). Cristo de Verdes (Aldixe) (**FOTO 4**). Cruceiro do Pedro (Baroncelle). Cruceiro do Castiñeiro (Baroncelle) (**FOTO 5**) . Cruceiro da Picheira (Cabaneiro) (**FOTO 6**). Cruceiro do Espiño do Cal (Corvite). Cruceiro do Campo da igrexa (Fanoi). Cruz da Güela / Goela (Fanoi). Cruz da “Casa da Fonte” ou de Casavella (Fanoi). Cruz da capela (Fraiás). Cruz dos Liñares (Galgao). Cruz do Benito (Galgao). Cruz do Guillermo (As Goás). Cruceiro de Vilar Grande (A Graña). Cruceiro da Penela (A Graña). Cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña). Cruz de ferro do Pichoco (Labrada). Cruz do Pichoco de Abaixo (Labrada). Cristo torto (Labrada). Cruz do fondo da vila (Labrada). Cruz de Blanco (Labrada). Cruz ou Cristo do Nelo ou de Sisadle (Labrada). Cruceiro de Antonio Puente (Moncelos) (**FOTO 7**). Cruz da Inquisición ou de Formariz (Moncelos). Cruz do Almindadoiro (Montouto). Cristo do Bouso (Romariz). Cristo de Lama Grande (Romariz). Cruceiro dos Currás (Romariz). Cruceiro da Pedrosa (Seivane de Vilarente). Cruceiro do Pereiro (Seivane de Vilarente). Cruz de Argán (Seivane de Vilarente).

1.2. AO CARÓN DUN VIARIO (*Camiño, pista, estradas*).

Peto de ánimas de San. Antón (Abadín). Cruz de Eduardo Oseira Bouza (Abadín). Cruceiro da Vesada (Abeledo) (**FOTO 8**). Peto de ánimas da Vesada (Abeledo). Cruceiro do Porto da Torre (Abeledo). Cruz dos Caxigos (Abeledo). Cruceiro do cemiterio (Aldixe). Cruceiro de Gaúte (Baroncelle) (**FOTO 9**). Cristo dos Currás (Cabaneiro) (**FOTO 10**). Cruceiro da Picheira (Cabaneiro). Cruceiro da Roxoa (Castromaior) (**FOTO 11**). Cruceiro dos Prados (Fanoi) (**FOTO 12**). Cruceiro do Paxariño (Fanoi). Cruz de Lidín (Fanoi). Cristo do Rego do Cal ou da Fonte (Galgao). Cruceiro do Vilar (As Goás). Cruz de ferro ou do Bailón (As Goás). Cruz de Xabariz (A Graña). Cruz de Paseniña (Labrada). Cruceiro de fóra do adro (Labrada). Cristo do Chao do Outeiro (Labrada). Cruz grande da “Casa de García” (Labrada). Cruz pequena da “Casa de García” (Labrada). Cruz de Camba (Labrada). Cruz da presa da auga ou de Herbellás (Labrada). Cruz do Camiño Chao (Labrada). Cruz do Coto de Abaixo (Labrada) (**FOTO 13**). Cruz de Camba ou das Carballas (Labrada). Cruz da Misión (Moncelos) (**FOTO 14**). Cruz das Veiguiñas (Moncelos). Cruceiro das Veiguiñas (Moncelos) (**FOTO 15**). Cruceiro do Carregal ou do Cendán (Moncelos) (**FOTO 16**). Cruceiro da Ribela (119) (Moncelos). Cruceiro da Serra ou da “Casa da Fardana” (Montouto). Cruceiro da Veiga da Ponte

(Montouto). Cruz da tía Rosa (Montouto). Cruz do Coto de Abaixo (Montouto). Cruz do Coto de Arriba (Montouto). Cristo da Laxe (Montouto). Cruz das Leiras de Abaixo (Montouto). Cruceiro do Rego Cavado (Montouto). Cruceiro da Fonte da Nosa Señora (Montouto). Cruceiro da Arca (Montouto). Cruz do Concello (Romariz). Cruz do prado do Rego (Romariz). Cruz do Porto Muíño ou do prado da Raña (Romariz). Cristo do Chao da Carreira (Romariz). Cruz da Pateira (Romariz). Cruceiro da Valiña (Romariz). Cruceiro do Rafael (Romariz). Cristo da igrexa (Seivane de Vilarente).

1.3. NOS ADROS DAS IGREXAS.

Cruceiro da igrexa (Abadín). Cristo da capela de San Antón (Abeledo) **(FOTO 17)**. Cruceiro do adro da igrexa (Abeledo) **(FOTO 18)**. Cruz de ferro (Aldixe). Cruceiro do adro da igrexa (Cabaneiro). Cruceiro do adro da igrexa (Corvite). Cruceiro do adro da igrexa (I) (Fanoi) **(FOTO 19)**. Cruceiro do adro da igrexa (II) (Fanoi) **(FOTO 20)**. Cruceiro do adro da igrexa (Galgao) **(21)**. Cruz do testero da igrexa (As Goás). Cruceiro do adro da igrexa (Labrada) **(FOTO 22)**. Cruceiro da igrexa (Quende). Cruceiro do adro da igrexa (Romariz) **(FOTO 23)**. Cristo da capela de Santa Margarida (Seivane de Vilarente).

1.4. NO INTERIOR DUNHA PROPIEDAD.

Cristo do Cal ou dos Sinais (Abadín) **(FOTO 24)**. Cruceiro do Seixo (Abadín). Cruz do Cuco (Abadín). Cruz do Maxín (Abeledo). Cristo da Horta de Lamas (Abeledo). Cruz do lugar da Serra ou de Foxacos (Abeledo). Cruz do Civil (Abeledo). Cruz da Regoña (Aldixe) **(FOTO 25)**. Cruz de Antonio Seijo (Cabaneiro). Cruceiro de Rozavella (Candia). Cruceiro de Prim (Castromaior). Cruz de Casás (Corvite). Cruceiro do Campo da igrexa (Fanoi). Cruz de Casas Novas (Fanoi). Cruz das Laguceiras (Fanoi). Cruz da “Casa da Fonte” ou de Casavella (Fanoi). Cristo do Curro dos Cristos (Fraiás). Cruz do Curro dos Cristos (Fraiás). Cruz do Benito (Galgao). Cruz dos Aloxos (Galgao). Cruz da “Casa de Ramos” (Gaúte). Cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña). Cruceiro do Pazo da Cernada (I) (A Graña). Cruceiro do Pazo da Cernada (II) (A Graña). Cruz do Campo do Escairo (Labrada). Cristo do Cordal (Labrada). Cruz do Campo do Prado (Labrada). Cruz grande da “Casa de García” (Labrada). Cruz pequena da “Casa de García” (Labrada). Cruz de Camba (Labrada). Cruz da “Casa de Mariano” (I) (Labrada). Cruz da “Casa de Mariano” (II) (Labrada). Cruz da presa da auga ou de Herbellás (Labrada). Cruz do Rego da Poza (Labrada). Cruz do Cruceiro (Labrada). Cruz de Camba ou das Carballas (Labrada). Cruz do fondo da vila (Labrada). Cristo da capela ou da fonte da capela (Labrada). Cruz da “Casa dos Veiguelos” (Labrada). Cristo da Pradella (Labrada). Cruz do Enrique (Labrada). Cruz da “Casa de Florencio” (Moncelos). Cruceiro do Valado (Moncelos) **(FOTO 26)**. Cruz da Ponte Ferreiros (Montouto). Cruceiro da Veiga da Ponte (Montouto). Cruz do Coto de Abaixo (Montouto). Cristo da Laxe (Montouto). Cruz das Leiras de Abaixo (Montouto). Cruceiro do Rego Cavado (Montouto). Cruz da Campaneira (Quende). Cruz da Santa Cruz (Quende). Cruz do Campo (Quende). Cruz dos Titos (Quende). Cruz do Romeu (Quende). Cruz do Concello (Romariz). Cruz do prado do Rego (Romariz). Cristo de Antonio Rico. Cruceiro da Evarista (Seivane de Vilarente) **(FOTO 27)**.

1.5. A CARÓN DO ANTIGO CAMIÑO REAL.

Cruceiro do Xoán (Labrada). Cruz do Cruceiro (Labrada). Cruceiro da “Casa do Xacobe” (Labrada). Cristo da capela ou da fonte da capela (Labrada). Cruz da Cabana Pallaza (Montouto). Cristo do Arrieiro (Romariz).

1.6. EN VILAS.

Cruceiro da Escola de Gontán (Quende) (**FOTO 28**).

1.7. AO CARÓN E NO INTERIOR DUN CEMITERIO.

Cruz do cemiterio (Baroncelle). Cruz do cemiterio (Candia). Cristo do cemiterio (Castromaior). Cristo do cemiterio (Fanoi). Cruz do cemiterio (Galgao). Cruz do cemiterio (As Goás). Cruz de xisto do cemiterio (As Goás). Cruz de granito do cemiterio (As Goás). Cruz do cemiterio (I) (Labrada). Cruz do Cemiterio (II) (Labrada). Cruz do cemiterio (Montouto). Cruz do cemiterio (Romariz).

1.8. AO CARÓN E PRETO DUNHA ERMIDA E CAPELA.

Cruz da capela (Fraiás).

1.9. DERRUBADA NO CHAN OU NUNHA SILVEIRA.

Cruz da Ponte das Goás (As Goás).

2. PROPIEDADE DOS CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES.

2.1. PÚBLICA.

Cruceiro da igrexa (Abadín). Cristo da capela de San Antón (Abeledo). Cruceiro do adro da igrexa (Abeledo). Cruz da Nosa Señora (Abeledo). Cruceiro do cemiterio (Baroncelle). Cristo dos Currás (Cabaneiro). Cruceiro do adro da igrexa (Cabaneiro). Cruceiro da Picheira (Cabaneiro). Cruz do cemiterio (Candia). Cristo do cemiterio (Castromaior). Cruceiro do adro da igrexa (Corvite). Cruceiro do adro da igrexa (I) (Fanoi). Cruceiro do adro da igrexa (I) (Fanoi). Cruceiro do Paxariño (Fanoi). Cruz da Güela (Fanoi). Cristo do cemiterio (Fanoi). Cruz da capela (Fraiás). Cruceiro do adro da

igreja (Galgao). Cruz do cemeterio (As Goás). Cruz da Ponte das Goás (As Goás). Cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña). Cruz de Xabarin (A Graña). Cruz do cemeterio (I) (Labrada). Cruz do cemeterio (II) (Labrada). Cruz do Rego da Poza (Labrada).

2.2. PRIVADA.

Cruz de Eduardo Oseira Bouza (Abadín). Cristo do Cal ou dos Sinais (Abadín). Cruceiro do Seixo (Abadín). Cristo do Cuco (Abadín). Cruz do Cuco (Abadín). Cruceiro da Vesada (Abeledo). Peto de ánimas da Vesada (Abeledo). Cruceiro da Corda ou do Manueliño (Abeledo). Cristo do Fidalgo ou do Rego do Prado (Abeledo). Cruz do Maxín (Abeledo). Cristo da Horta de Lamas (Abeledo). Cruceiro do Porto da Torre (Abeledo). Cruz dos Caxigos (Abeledo). Cruz do lugar da Serra ou de Foxacos (Abeledo). Cruz de ferro (Aldixe). Cruceiro do Pedro (Baroncelle). Cruceiro de Gaúte (Baroncelle). Cruceiro do Castiñeiro (Baroncelle). Cruz de Antonio Seijo (Cabaneiro). Cruceiro de Rozavella (Candia). Cruceiro de Prim (Castromaior). Cruceiro da Roxoa (Castromaior). Cruceiro do Espiño do Cal (Corvite). Cruz de Casás (Corvite). Cruceiro dos Prados (Fanoi). Cruceiro do Campo da igrexa (Fanoi). Cruz da “Casa da Fonte” ou de Casavella (Fanoi). Cristo do Curro dos Cristos (Fraiás). Cruz dos Liñares (Galgao). Cruz do Benito (Galgao). Cruceiro do Vilar (As Goás). Cruz do Guillermo (As Goás). Cruz de ferro ou do Baión (As Goás). Cruz da “Casa de Ramos” (As Goás). Cruceiro de Vilar Grande (A Graña). Cruceiro da Penela (A Graña). Cruceiro do Pazo da Cernada (I) (A Graña). Cruceiro do Pazo da Cernada (II) (A Graña). Cruz do Campo do Escairo (Labrada). Cruz de Paseniña (Labrada). Cristo do Cordal (Labrada). Cruceiro de fora do adro (Labrada). Cruz do Campo do Prado (Labrada). Cruz grande da “Casa de García” (Labrada). Cruz pequena da “Casa de García” (Labrada). Cruz de Camba (Labrada). Cruz da “Casa de Mariano” (I) (Labrada). Cruz da “Casa de Mariano” (II) (Labrada).

3. MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS QUE AMOSAN UN ELEMENTO OU MÁIS DETERIORADOS OU DESTRUÍDOS.

Cruceiro da pista de Fraiás (Abadín). Cruz da Nosa Señora (Abeledo). Cruceiro do Porto da Torre (Abeledo). Cristo dos Currás (Cabaneiro). Cruceiro do Paxariño (Fanoi). Cruz de Lidín (Fanoi). Cruz do Benito (Galgao). Cruz dos Aloxos (Galgao). Cruz da Ponte das Goás (As Goás). Cruz de xisto do cemeterio (As Goás). Cruceiro de Vilar Grande (A Graña). Cruceiro da Penela (A Graña). Cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña). Cruz de ferro do Pichoco (Labrada). Cristo do Cordal (Labrada). Cruceiro de fóra do adro (Labrada). Cristo do Chao do Outeiro (Labrada). Cruz do Campo do Prado (Labrada). Cruz do Rego da Poza (Labrada). Cruz de Blanco (Labrada). Cruceiro da Ribela (Moncelos). Cruz do Coto de Arriba (Montouto). Cruceiro do Rego Cavado (Montouto). Cruceiro da Fonte da Nosa Señora (Montouto). Cruz do cemeterio (Montouto). Cruceiro da Arca (Montto). Cruceiro da igrexa (Quende). Cruz da Campaneira (Quende). Cruz do Campo (Quende). Cristo do Arrieiro (Romariz). Cristo de Lama Grande (Romariz). Cruceiro do adro da igrexa (Romariz). Cruz da Pateira (Romariz). Cruceiro da Pedrosa (Seivane de Vilarente). Cruceiro da Evarista (Seivane de Vilarente). Cristo da igrexa (Seivane de Vilarente). Cristo da capela de Santa Margarida (Seivane de Vilarente).

4. MONUMENTOS RESTAURADOS PARCIAL OU TOTALMENTE.

Cruceiro de Vilar Grande (A Graña). Cruz de Xabariz (A Graña). Cruceiro do Xoán (Labrada). Cristo do torto (Labrada). Cruz pequena da “Casa de García” (Labrada).

5. CAMBIO DE LUGAR DALGÚNS CRUCEIROS.

Cruceiro do Seixo (Abadín). Cruz do lugar da Serra ou de Foxacos (Abeledo). Cruceiro do cemiterio (Aldixe). Cruz da Regoña (Aldixe). Cruz de Antonio Seijo (Cabaneiro). Cruz do cemiterio (Candia). Cruceiro do adro da igrexa (Corvite). Cruz de Casás (Corvite). Cruceiro dos Prados (Fanoi). Cruz das Laguceiras (Fanoi). Cruz de Xabariz (A Graña). Cruz pequena da “Casa de García” (Labrada). Cristo da capela ou da fonte da capela (Labrada). Cristo da Laxe (Montouto).

6. ELEMENTOS ARTÍSTICOS DOS CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES.

6.1. PLATAFORMA.

6.1.1. COMPOSICIÓN.

*** CUN PLINTO.**

Cristo do Fidalgo ou do Rego do Prado (Abeledo). Cruz da Nosa Señora (Abeledo). Cruz dos Caxigos (Abeledo). Cristo dos Currás (Cabaneiro). Cruceiro do Espiño do Cal (Corvite). Cruceiro do Campo da igrexa (Fanoi). Cruceiro do adro da igrexa (I) (Fanoi). Cruceiro do Paxariño (Fanoi). Cruz da capela (Fraiás). Cristo do Curro dos Cristos (Fraiás). Cruz dos Liñares (Galgao). Cristo do Rego do Cal ou da Fonte (Galgao). Cruz do Benito (Galgao). Cruz dos Aloxos (Galgao). Cruceiro de Vilar Grande (A Graña). Cruz de Xabariz (A Graña). Cruz de ferro do Pichoco (Labrada). Cruz do Pichoco de Abaixo (Labrada). Cristo do Cordal (Labrada). Cristo do Chao do Outeiro (Labrada). Cruz do Camiño Chao (Labrada). Cruz das Veiguiñas (Moncelos). Cruceiro do Valado (Moncelos). Cruceiro do Carregal ou do Cendán (Moncelos) **(FOTO 16)**. Cruz da “Casa de Florencio” (Moncelos). Cruz da Ponte Ferreiros (Montouto). Cruz da tía Rosa (Montouto). Cruceiro da igrexa (Quende). Cruz do Campo (Quende). Cristo do Bouso (Romariz). Cristo do Arrieiro (Romariz). Cruceiro do Rafael (Romariz). Cruceiro da Evarista (Seivane de Vilarente).

*** CON DOUS PLINTOS.**

Cristo da Horta da Lamas (Abeledo). Cruceiro dos Currás (Romariz).

A. INSCRICIÓN NO PLINTO.

Cruz de ferro do Pichoco (Labrada).

*** DUN CHANZO.**

Cruceiro da pista de Fraiás (Abadín). Cruceiro da Vesada (Abeledo). Cruceiro da Corda ou do Manueliño (Abeledo). Cruz da Regoña (Aldixe). Cruceiro de Gaúte (Baroncelle). Cruceiro do Castiñeiro (Baroncelle). Cruceiro de Rozavella (Candia). Cruz de Casás (Corvite). Cruceiro do Vilar (As Goás). Cruz do Guillermo (As Goás).

*** DE DOUS CHANZOS.**

Cruceiro do Seixo (Abadín). Cristo do Cuco (Abadín). Cruceiro do adro da igrexa (Abeledo). Cruceiro do Porto da Torre (Abeledo). Cruceiro do adro da igrexa (Corvite). Cruceiro do adro da igrexa (II) (Fanoi). Cruceiro do adro da igrexa (Galgao) (**FOTO 21**). Cruceiro do adro da igrexa (Labrada). Cruceiro das Veiguiñas (Moncelos). Cruceiro da Fonte da Nosa Señora (Montouto). Cruceiro da igrexa (Quende). Cristo do Bousso (Romariz). Cristo do Chao da Carreira (Romariz). Cristo do Chao da Carreira (Romariz). Cruz da Pateira (Romariz). Cruceiro da “Casa de Carlos” (Seivane de Vilarente).

*** DE TRES CHANZOS.**

Cruz de Eduardo Oseira Bouza (Abadín). Cruceiro da igrexa (Abadín). Cruceiro do Pedro (Baroncelle). Cruceiro do adro da igrexa (Cabaneiro). Cruceiro da Picheira (Cabaneiro). Cruceiro da Roxoa (Castromaior). Cruceiro da Penela (A Graña). Cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña). Cruceiro do Pazo da Cernada (I)(A Graña). Cruceiro do Pazo da Cernada (II) (A Graña). Cruceiro do Xoán (Labrada). Cruceiro do adro da igrexa (Romariz) (**FOTO 23**). Cruceiro da Pedrosa (Seivane de Vilarente). Cruceiro do Pereiro (Seivane de Vilarente).

*** DE CATRO CHANZOS.**

Cruceiro da Veiga da Ponte (Montouto).

*** DE CINCO CHANZOS.**

Cruz da Misión (Moncelos).

6.2. BASE.

6.2.1. FORMAS QUE AMOSA.

*** UN TRAMO DE FORMA PARALELEPÍPEDA E UN SEGUNDO TRONCOPIRAMIDAL.**

Cristo do Cuco (Abadín) **(FOTO 1)**. Cruceiro do adro da igrexa (Abeledo). Cruceiro da Corda ou do Manueliño (Abeledo). Cruceiro de Gaúte (Baroncelle). Cruceiro de Vilar Grande (A Graña). Cruceiro do adro da igrexa (Labrada). Cruz do Campo do Prado (Labrada). Cruceiro das Veiguiñas (Moncelos). Cruceiro da Pedrosa (Seivane de Vilarente). Cruceiro da Evarista (Seivane da Evarista).

*** UN TRAMO DE FORMA PARALELEPÍPEDA E UN SEGUNDO TRONCOPIRAMIDAL COAS ARESTAS SUPERIORES REDONDEADAS.**

Cruceiro da igrexa (Abadín). Cruceiro da Vesada (Abeledo) **(FOTO 8)**. Cruceiro da “Casa de Carlos” (Seivane de Vilarente).

*** UN TRAMO DE FORMA PARALELEPÍPEDA E UN SEGUNDO TRONCOPIRAMIDAL COAS CARAS E ARESTAS LIXEIRAMENTE CURVADAS.**

Cruceiro do adro da igrexa (Romariz).

*** DE FORMA TRONCOPIRAMIDAL.**

Cruceiro do Seixo (Abadín). Cruceiro da pista de Fraiás (Abadín). Cruz da Nosa Señora (Abeledo). Cruceiro do Porto da Torre (Abeledo). Cruz dos Caxigos (Abeledo). Cristo dos Currás (Cabaneiro). Cruceiro da Picheira (Cabaneiro). Cristo do cemiterio (Fanoi). Cruz de Lidín (Fanoi). Cruz do Campo do Escairo (Labrada). Cristo do Chao do Outeiro (Labrada). Cruceiro da “Casa do Xacobe” (Labrada). Cruz das Veiguiñas (Moncelos). Cruz das Leiras de Abaixo (Montouto). Cruz dos Titos (Quende). Cruz do Concello (Romariz). Cristo do Bouso (Romariz). Cruz do Prado do Rego (Romariz). Cristo de Lama Grande (Romariz). Cristo do Chao da Carreira (Romariz).

*** BASE MONOLÍTICA FORMADA POR DOUS ELEMENTOS SEPARADOS POR UNHA ESCOCIA: O INFERIO PARALELEPÍPEDO E O SUPERIOR TRONCOPIRAMIDAL COAS ARESTAS SUPERIORES REDONDEADAS.**

Cruceiro do adro da igrexa (II) (Fanoi) **(FOTO 20)**. Cruceiro do Carregal ou do Cendán (Moncelos). Cruceiro da Evarista (Seivane da Evarista).

*** DE FORMA CIRCULAR.**

Cruz dos Liñares (Galgao). Cristo Rego do Cal ou da Fonte (Galgao). Cruz do Almindadoiro (Montouto). Cruz da tía Rosa (Montouto). Cruz do Romeu (Quende).

*** BASE MONOLÍTICA, DE FORMA CIRCULAR UNIDA Á CRUZ POR MEDIO DUNHA PEZA TRONCOPIRAMIDAL.**

Cruz do Benito (Galgao).

*** BASE MONOLÍTICA, DE DOUS CORPOS SEPARADOS POR UNHA MOLDURA CÓNCAVA: O INFERIOR, DE FORMA PARALELEPÍPEDA E, O SUPERIOR, QUE AMOSA UN PRIMEIRO TRAMO RECTO E UN SEGUNDO CUNHA MOLDURA DE CUARTO DE BOCEL REMATADA NUN FILETE.**

Cruceiro do adro da igrexa (Galgao).

*** BASE MONOLÍTICA, FORMADA POR DOUS CORPOS PARALELEPÍPEDOS DE DIFERENTE TAMAÑO, MOSTRANDO O INFERIOR AS ARESTAS SUPERIORES ACHAFRANADAS.**

Cruceiro da Roxoa (Castromaior) (**FOTO 11**).

*** BASE MONOLÍTICA, CUN PRIMEIRO TRAMO PARALELEPÍPEDO E UN SEGUNDO TRONCOPIRAMIDAL, MOLDURADO CUNHA CIMA RECTA INVERTIDA.**

Cruz de Casás (Corvite).

*** BASE MONOLÍTICA, CUN PRIMEIRO TRAMO PARALELEPÍPEDO E UN SEGUNDO TENDENDO Á TRONCOPIRAMIDALIDADE CUN REBAIXE DE TALÓN OU CIMA REVERSA E UN BOCEL NAS ARESTAS SUPERIORES .**

Cristo da Horta de Lamas (Abeledo).

*** BASE CONSTITUÍDA POR DOUS CORPOS: O INFERIOR, DE CEMENTO, É DE FORMA PARALELEPÍPEDA E O SUPERIOR, GRANÍTICO, DE FORMA TRIANGULAR.**

Cristo de Verdes (Aldixe) (**FOTO 4**).

*** DE FORMA PARALELEPÍPEDA.**

Cristo do Cal ou dos Sinais (Abadín). Cristo do cemiterio (Castromaior). Cruceiro de Prim (Castromaior). Cruz do Pichoco de Abaixo (Labrada). Cruz do cemiterio (Montouto).

*** DE FORMA PARALELEPÍPEDA E COAS ARESTAS SUPERIORES REBAIXADAS.**

Cruz do Maxín (Abeledo). Cruz da Regoña (Aldixe). Cruceiro de Rozavella (Candia). Cruz da presa da auga ou de Herbellás (Labrada). Cruz da “Casa dos Veiguelos” (Labrada). Cruceiro da Fonte da Nosa Señora (Montouto). Cruz da Pateira (Romariz).

*** DE FORMA PARALELEPÍPEDA IRREGULAR.**

Cruz da Güela (Fanoi). Cruz das Laguceiras (Fanoi). Cruz da “Casa de Ramos” (As Goás). Cruz de ferro do Pichoco (Labrada). Cruz do Camiño Chao (Labrada). Cruz do Coto de Abaixo (Labrada). Cruz do Fondo da Vila (Labrada). Cruceiro do Rego Cavado (Montouto). Cruz da Campaneira (Quende).

***DE FORMA PARALELEPÍPEDA IRREGULAR E COAS ARESTAS SUPERIORES ACHAFRANADAS.**

Cruz da Cabana Pallaza (Montouto).

*** DE DOUS CORPOS PARALELEPÍPEDOS E COAS ARESTAS SUPERIORES ACHAFRANADAS.**

Cristo de Antonio Rico (Romariz).

*** BASE MONOLÍTICA, CUN PRIMEIRO TRAMO PARALELEPÍPEDO E UN SEGUNDO TENDENTE Á TRONCOPIRAMIDALIDADE CUN REBAIXE DE TALÓN OU CIMA REVERSA E UN BOCEL NAS ARESTAS SUPERIORES.**

Cristo da Horta de Lamas (Abeledo).

*** BASE CONSTITUÍDA POR DOUS CORPOS: O INFERIOR, DE CEMENTO, É DE FORMA PARALELEPÍPEDA, E O SUPERIOR, GRANÍTICO, DE FORMA TRIANGULAR.**

Cristo de Verdes (Aldixe).

*** BASE MONOLÍTICA, CUN PRIMEIRO TRAMO PARALELEPÍPEDO, UN SEGUNDO TENDENTE Á FORMA TRONCOPIRAMIDAL CUN REBAIXE EN TALÓN, E UN TERCEIRO RECTO.**

Cruceiro do Castiñeiro (Baroncelle).

*** BASE MONOLÍTICA, DE TENDENCIA TRONCOPIRAMIDAL E MOLDURADA EN TALÓN OU CIMA REVERSA INVERTIDA.**

Cruceiro da Arca (Montouto).

*** DE FORMA CÚBICA.**

Cruz da ponte das Goás (As Goás).

*** DE FORMA CÚBICA COAS ARESTAS SUPERIORES ACHAFRANADAS.**

Cruceiro da igrexa (Quende).

*** DE FORMA CÚBICA IRREGULAR.**

Cruz do Coto de Abaixo (Montouto). Cruz do Coto de Arriba (Montouto).

*** DE FORMA TRONCOPIRAMIDAL, MOLDURADA CUNHA NACELA INVERTIDA.**

Cruceiro do Paxariño (Fanoi).

*** BASE MONOLÍTICA, CUN PRIMEIRO TRAMO PARALELEPÍPEDO E UN SEGUNDO COAS CARAS E ARESTAS LATERAIS EN NACELA INVERTIDA.**

Cruz da capela (Fraiás).

*** BASE MONOLÍTICA, FORMADA POR UN PRIMEIRO TRAMO PARALELEPÍPEDO E UN SEGUNDO CON FORMA DE CIMA RECTA INVERTIDA.**

Cristo do Curro dos Cristos (Fraiás). Cruceiro do Pazo da Cernada (I) (A Graña).
Cruceiro do Pazo da Cernada (II) (A Graña).

*** BASE CONSTITUÍDA POR UN CHANTO DE XISTO DE FORMA ALONGADA**

Cruz de ferro ou do Bailón (As Goás).

*** BASE MONOLÍTICA, DE FORMA PARALELEPÍPEDA COAS ARESTAS SUPERIORES ACHAFRANADAS E AS LATERAIS REDONDEADAS.**

Cruz da “Casa de Mariano” (I) (Labrada).

*** BASE MONOLÍTICA, CUN CORPO INFERIOR DE FORMA PARALELEPÍPEDA, UN SEGUNDO CUNHA MOLDURA DE CIMA REVERSA REVERSA INVERTIDA E, COMO REMATE, UN LISTEL.**

Cruceiro de Antonio Puente (Moncelos). Cruceiro do Valado (Moncelos) **(FOTO 26)** .

*** BASE MONOLÍTICA, CUN PRIMEIRO TRAMO RECTO E UN SEGUNDO TRONCOPIRAMIDAL, SEPARADOS POR UNHA MOLDURA CÓNCAVA.**

Cruceiro da Ribela (Moncelos).

*** BASE MONOLÍTICA, FORMADA POR TRES TRAMOS:UN PRIMEIRO, PARALELEPÍPEDO; UN SEGUNDO, TRONCOPIRAMIDAL REBAIXADO CUNHA MOLDURA DE TALÓN INVERTIDA; E UN TERCEIRO, PARALELEPÍPEDO.**

Cruceiro do Vilar (As Goás).

*** BASE MONOLÍTICA, FORMADA POR UN TRAMO PARALELEPÍPEDO E UN SEGUNDO MOLDURADO EN NACELA INVERTIDA COAS ARESTAS SUPERIORES REDONDEADAS.**

Cruceiro da Penela (A Graña). Cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña).

*** BASE MONOLÍTICA, DE FORMA PRIMÁTICA CUADRANGULAR.**

Cruz de Paseniña (Labrada).

*** BASE MONOLÍTICA, DE FORMA TRONCOCÓNICA IRREGULAR.**

Cruz do Porto Muíño ou do Prado da Raña (Romariz).

*** BASE MONOLÍTICA, CUN PRIMEIRO TRAMO RECTO E UN SEGUNDO TRONCOPIRAMIDAL.**

Cruz do Civil (Abeledo). Cruceiro do Pedro (Baroncelle). Cruceiro dos Prados (Fanoi). Cruceiro do Campo da igrexa (Fanoi). Cruceiro do adro da igrexa (I) (Fanoi). Cruz de Casas Novas (Fanoi). Cruz do Curro dos Cristos (Fraiás). Cruz do Guillermo (As Goás). Cruz de Xabariz (A Graña). Cruceiro do Xoán (Labrada). Cristo torto (Labrada). Cruz do Rego da Poza (Labrada). Cruz de Camba ou das Carballas (Labrada). Cruz de Blanco (Labrada). Cruz ou Cristo do Nelo ou de Sisalde (Labrada). Cristo da capela ou da fonte da capela (Labrada). Cristo da Pradella (Labrada). Cruz da Misión (Moncelos). Cruceiro da Serra ou da “Casa da Fardana” (Montouto). Cristo da Laxe (Montouto). Cruz do Campo (Quende). Cruceiro da Escola de Gontán (Quende). Cristo do Arrieiro (Romariz). Cruceiro dos Currás (Romariz). Cruceiro do Rafael (Romariz). Cristo da capela de Santa Margarida (Seivane de Vilarente).

*** BASE MONOLÍTICA, DE DOUS TRAMOS: O INFERIOR, PARALELEPÍPEDO E O SUPERIOR, TRONCOPIRAMIDAL, SEPARADOS ÁMBOS OS DOUS POR UNHA AMPLA MOLDURA CÓNCAVA.**

Cruz do cemiterio (Romariz).

*** BASE MONOLÍTICA, CUN PRIMEIRO TRAMO RECTO E UN SEGUNDO EN NACELA INVERTIDA COROADA POR UN BOCEL E UN FILETE.**

Cruceiro da Valiña (Romariz).

6.2.2. ELEMENTOS COMPLEMENTARIOS.

*** CRUCEIROS QUE AMOSAN UNHA INSCRICIÓN.**

Cruceiro da igrexa (Abadín). Cristo do Cuco (Abadín). Cruceiro da pista de Fraiás (Abadín). Cruceiro da Vesada (Abeledo). Cruceiro do adro da igrexa (Abeledo).

Cruceiro do adro da igrexa (Abeledo). Cruceiro do Porto da Torre (Abeledo). Cruz dos Caxigos (Abeledo). Cruz do Civil (Abeledo). Cruceiro de Gaúte (Baroncelle) **(FOTO 29)**. Cruceiro do Castiñeiro (Baroncelle). Cruceiro do adro da igrexa (Cabaneiro). Cruceiro da Picheira (Cabaneiro). Cruceiro de Rozavella (Candia). Cruceiro dos Prados (Fanoi). Cruceiro do Campo da igrexa (Fanoi). Cruceiro do adro da igrexa (II) (Fanoi). Cruceiro do Paxariño (Fanoi). Cruz dos Liñares (Galgao). Cruceiro do adro da igrexa (Galgao). Cruceiro da Penela (A Graña). Cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña). Cruceiro do Pazo da Cernada (I) (A Graña). Cruceiro do Pazo da Cernada (II) (A Graña). Cristo do Cordal (Labrada). Cruz da “Casa de Mariano” (I) (Labrada). Cruz ou Cristo do Nelo ou de Sisalde (Labrada). Cruz da “Casa dos Veiguelos” (Labrada). Cruceiro de Antonio Puente (Moncelos). Cruceiro das Veiguiñas (Moncelos). Cruceiro do Carregal ou do Cendán . Cruceiro da Ribela (Moncelos). Cruz da Cabana Pallaza (Montouto). Cruceiro da Fonte da Nosa Señora (Montouto). Cruceiro da igrexa (Quende). Cruz do Prado do Rego (Romariz). Cruceiro do adro da igrexa (Romariz). Cristo de Antonio Rico (Romariz). Cruceiro da Pedrosa (Seivane de Vilarente). Cruceiro da Evarista (Seivane de Vilarente).

1. DATA DE CONSTRUCCIÓN.

Cristo do Cuco (Abadín): **1879**. Cruceiro da Vesada (Abeledo): **1907**. Cruz dos Caxigos (Abeledo): **1918**. Cruceiro do cemiterio (Aldixe): **1808**. Cruceiro de Gaúte (Baroncelle): **1937**. Cruceiro do Castiñeiro (Baroncelle): **1863**. Cruceiro de Rozavella (Candia): **1999**. Cruceiro dos Prados (Fanoi): **1797**. Cruceiro do Campo da igrexa (Fanoi): **1821**. Cruceiro do adro da igrexa (II) (Fanoi): **1901**. Cruceiro do Paxariño (Fanoi): **1783**. Cruz dos Liñares (Galgao): **1907**. Cruz dos Aloxos (Galgao): **1955**. Cruceiro do Pazo da Cernada (I) (A Graña) : **1894**. Cruz de ferro do Pichoco (Labrada): Plinto. **1968**. Cristo do Cordal (Labrada): **1861**. Cruz ou Cristo do Nelo ou de Sisadle (Labrada): **1856**. Cruz da “Casa dos Veiguelos” (Labrada): **1826**. Cruz da “Casa de Mariano” (I) (Labrada): **1863**. Cruceiro das Veiguiñas (Moncelos): **1905**. Cruceiro do Carregal ou do Cendán) (Moncelos): **1909**. Cruceiro da Ribela (Moncelos). Cruz da Cabana Pallaza (Montouto): **1856**. Cruceiro da Fonte da Nosa Señora (Montouto): **1750**. Cruceiro da igrexa (Quende): **1915**. Cruz do Prado do Rego (Romariz): **1863**. Cruceiro da Pedrosa (Seivane de Vilarente): **1940**. Cruceiro do Pereiro (Seivane de Vilarente): **1894**.

2. PERSOAS RELACIONADAS COA SÚA CONSTRUCCIÓN.

Cristo do Cuco (Abadín). Cruceiro da Vesada (Abeledo). Cruceiro do adro da igrexa (Cabaneiro). Cruceiro de Rozavella (Candia). Cruceiro do Campo da igrexa? (Fanoi). Cruceiro do adro da igrexa (II) (Fanoi). Cruceiro do adro da igrexa (Galgao). Cruz dos Aloxos (Galgao). Cruz do cemiterio (As Goás). Cruceiro da Penela (A Graña). Cruceiro de Vilar de Nuño (A Graña). Cruceiro do Pazo da Cernada (I) (A Graña). Cruceiro do Pazo da Cernada (II) (A Graña). Cruz da “Casa dos Veiguelos” (Labrada). Cruceiro de Antonio Puente (Moncelos). Cruceiro das Veiguiñas (Moncelos). Cruceiro do Carregal ou do Cendán (Moncelos). Cruceiro da Ribela (Moncelos). Cruz da Cabana Pallaza (Montouto). Cruceiro da igrexa (Quende). Cruz do Prado do Rego (Romariz). Cristo de Antonio Rico (Romariz). Cruceiro da Pedrosa (Seivane de Vilarente). Cruceiro do Pereiro (Seivane de Vilarente).

3. CIRCUNSTANCIAS DA SÚA CONSTRUCCIÓN.

3.1. DEVOCIÓN DOS SEUS PROPIETARIOS.

